

RUTA URBANA Nº 1

1. A Praza do Reló
2. Torre
3. Rúa Colón
4. O Muro
5. Mosteiro das Beneditinas
6. Monumento ó Mariñeiro
7. Rúa Malteses
8. Atalaia
9. Casas Indianas
10. Igrexa de Santa María

BIBLIOGRAFÍA:

- GRATO AMOR MORENO e outros. *El camino portugés de de la costa.* Ed. Asociación Amigos de los Pazos. Vigo, 2002.
- GARCÍA LAGO, A. *Crónica biográfica de Camposancos y su entorno.* O Rosal, 1998.
- VV.AA. *La Guardia Antigua.* A Guarda, 1975
- GÓMEZ ALFARO X. C. e MARTÍNEZ TAMUXE, X. *Antología del programa-revista de las Fiestas del Monte.* A Guarda, 1988.

VELA POLO TEU
RUTAS CULTURAIS A GUARDA

- RUTA URBANA Nº 1
- RUTA DAS CASAS INDIANAS
- RUTA DA DESEMBOCADURA DO MIÑO

OUTRAS RUTAS:

- CAMIÑOS DO TREGA. PRG-122
- CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA. TRAMO: A GUARDA
- RUTA DAS CETAREAS
- SENDA LITORAL

SERVIZO DE GUÍAS GRATUÍTO:

OFICINA DE TURISMO
Tél.: 986 614 546

CONCELLO DA GUARDA
Tél.: 986 610 000

www.aguarda.es

aguarda
horizonte natural

CONCELLO DA GUARDA

VELA POLO TEU
RUTAS CULTURAIS A GUARDA

RUTA URBANA Nº 1

aguarda
horizonte natural

CONCELLO DA GUARDA

¡Salve, venerable Abóbriga,
altar de Santa Trega almo,
noiva albar dos mariñeiros,
edén de lúas e engados!

Gómez Alfaro, X.C.
"Himno á Guarda" *Labaradas da lembranza.* Tui, 1996

Sendas que comezan no porto:

- **Ruta das Cetareas,** une os viveiros construídos na costa para gardalo marisco.
- **Senda litoral,** recorre a costa ata a desembocadura do Miño.

Sendas que comienzan en el puerto:

- ***Ruta de las Cetareas,*** *une los viveros construidos en la costa para guardar el marisco.*
- ***Senda litoral,*** *permite recorrer la costa hasta la desembocadura del Miño.*

VELA POLO TEU
RUTAS CULTURAIS A GUARDA

Praza do Reló / Plaza del Reló

A que hoxe se denomina Praza do Reló (sic) recibiu outros nomes en función da época e da situación política do momento: Praza Maior ata o séc. XVI, praza da Constitución, da República, de España. Antes de ser praza non era máis co foxo da muralla que rodeaba á vila e que se encheu para construír os edificios do actual Concello, a torre do Reló e a Casa dos Alonso, que configuran a praza que hoxe coñecemos.

La que hoy se denomina Plaza do Reló (sic) recibió otros nombres en función de la época y de la situación política del momento: Plaza Mayor hasta el s. XVI, Plaza de la Constitución, de la República, de España. Antes de ser plaza no era más que el foso de la muralla que rodeaba a la villa y que se llenó para construir los edificios del actual municipio, la torre del Reló y la Casa de los Alonso, que configuran la plaza que hoy conocemos.

Torre / Torre

A torre, emprazada no máis alto do recinto amurallado, protexía un dos accesos á vila. No corpo da torre dous motivos escultóricos deben salientarse: o brasón, que contén unha torre envolta en chamas, lembra ó bispo de Tui Diego Fernández de Torquemada, señor xurisdicional da vila que ordena levantar a torre no séc. XVI e o escudo heráldico da vila.

La torre, emplazada en lo más alto del recinto amurallado, protegía uno de los accesos a la villa. En el cuerpo de la torre deben destacarse dos motivos escultóricos: el blasón, que contiene una torre envuelta en llamas, conmemora al obispo de Tui Diego Fernández de Torquemada, señor jurisdicional de la villa quien ordena levantar la torre en el s. XVI y el escudo heráldico de la villa.

Rúa Colón / Calle Colón

Dividía en dous sectores a cidade amurallada. No comezo e no final estaban as únicas portas de acceso á cidade. A rúa San Marcos, perpendicular á anterior, debe o seu nome a un hospital situado no solar que hoxe ocupa o xulgado de paz e que prestaba auxilio a pobres e peregrinos prodecentes de Portugal.

Dividía en dos sectores a la ciudad amurallada. En el comienzo y en el final estaban las únicas puertas de acceso a la ciudad. La calle San Marcos, perpendicular a la anterior, debe su nombre a un hospital situado en el solar que hoy ocupa el juzgado de paz y que prestaba auxilio a pobres y peregrinos prodecentes de Portugal.

O Muro / El Muro

No Muro, igual que na Ireira, quedan restos dos lenzos da antiga muralla que defendía á poboación dos ataques externos. No extremo da muralla unha atalaia facilitaba os labores de vixilancia.

En el Muro, igual que en la Ireira, quedan restos de los lienzos de la antigua muralla que defendía a la población de los ataques externos. En el extremo de la muralla una atalaya permitía las labores de vigilancia.

Mosteiro das Beneditinas / Monasterio de las Benedictinas

Foi fundado no séc. XVI polo párroco de Salcidos Álvaro Ozores, da casa de Priegue, vinculado á familia dos Correa. As monxas abandonarían o convento en 1983 e hoxe destinase a un afamado hotel e restaurante. A igrexa, pequena e deteriorada, reconstruíuse no XVIII e dedícase agora ó culto parroquial.

Fue fundado en el siglo XVI por el párroco de Salcidos Álvaro Ozores, de la casa de Priegue, vinculado a la familia de los Correa. Las monjas abandonarían el convento en 1983 y hoy se destina a un afamado hotel y restaurante. La iglesia, pequeña y deteriorada, se reconstruyó en el XVIII dedicándose ahora al culto parroquial.

Monumento ó Mariñeiro Desaparecido / Monumento al Marinero Desaparecido

Obra recente de Magín Picallo na que se rende homenaxe á muller mariñeira, quen recibe a tráxica nova de que o mar cobra unha vez máis o seu tributo. Desesperada, leva as mans á cabeza e cando eleva o farol descobre ós seus pés o corpo inerte do ser amado.

Obra reciente de Magín Picallo en la que se rinde homenaje a la mujer marinera, quien recibe la trágica noticia de que el mar cobra una vez más su tributo. Desesperada, se lleva las manos a la cabeza y cuando eleva la farola descubre a sus pies el cuerpo inerte del ser amado.

Rúa Malteses / Calle Malteses

Estreita rúa que vai dende o Varadeiro (lugar onde se secaba o peixe) ata a actual Atalaia. Rúa mariñeira por excelencia, con casas estreitas que se comunicaban directamente co mar a través dun patio. No baixo realizábanse tarefas relacionadas coa pesca: preparación de redes, aparellos... A orixe do topónimo alude ós mariñeiros que se enrolaban alá onde fosen chamados como xornaleiros do mar.

Estrecha calle que va desde el Varadeiro (lugar donde se secaba el pescado) hasta la actual Atalaia. Calle marinera por excelencia, con casas estrechas que se comunicaban directamente con el mar a través del patio. En el bajo se realizaban tareas relacionadas con la pesca: preparación de redes, aparejos... El origen del topónimo alude a los marineros que se enrolaban allí donde fueran llamados como jornaleros del mar.

Atalaia / Atalaya

Reconstruída no final do paseo marítimo era unha antiga fortaleza construída polos portugueses cando A Guarda, por mor da Guerra de Independencia (1640-1668) permaneceu por tres anos, en poder do país veciño. Orixinariamente esta fortificación circular, abovedada e con pezas de artillería, emprazábase no dique que pecha o Porto polo Oeste e comunicaba na baixamar con terra firme. En épocas de paz serviu de faro ata que no 1943, contra a opinión popular, foi derrubada para permitir a ampliación do dique. Reconstruída a finais do séc. XX alberga o Museo do Mar que ademais de contidos etnográficos distínguese por albergar unha importante colección malacolóxica.

Reconstruida en el final del paseo marítimo fue una antigua fortaleza construida por los portugueses cuando A Guarda, por mor de la Guerra de la Independencia (1640-1668) permaneció durante tres años, en poder del país vecino. Originariamente esta fortificación circular, abovedada y con piezas de artillería, se emplazaba en el dique que cierra el Puerto por el Oeste y comunicaba en la bajamar con tierra firme. En épocas de paz sirvió de faro hasta que en el 1943, contra la opinión popular, fue derribada para permitir la ampliación del dique. Reconstruida a finales del s. XX alberga el Museo del Mar que, además de contenidos etnográficos, se distingue por albergar una importante colección malacológica.

Casas Indianas / Casas Indianas

Son numerosas as vivendas construídas na segunda metade do séc. XIX e principios do XX polos emigrantes guardeses a Porto Rico, República Dominicana e Brasil. Unhas emprazábanse no casco urbano, outras, as villas, nas aforas. Empregan pedra ou azulexos que lle dan un característico colorido e adoptan as estruturas propias do país americano. Unhas tiñan carácter residencial, outras dedicábanse ós negocios ou a fins sociais como o Colexio San Xosé das HH. Carmelitas da Caridade.

Son numerosas las viviendas construidas en la segunda mitad del s. XIX y principios del XX por los emigrantes guardeses a Puerto Rico, República Dominicana y Brasil. Unas se emplazaban en el casco urbano, otras, las villas, en las afueras. Emplean piedra o azulejos que le dan un característico colorido y adoptan las estructuras propias del país americano. Unas tenían carácter residencial, otras se dedicaban a los negocios o a fines sociales como el Colegio San Xosé de las HH. Carmelitas de la Caridad.

Igrexa de Santa María / Iglesia de Santa María

A igrexa parroquial orixinalmente románica ampliouse no séc. XVI, sendo bispo de Tui Diego Toquemada. No interior destacan o retablo da capela maior de estilo borrominesco (séc. XVIII) dedicado á Asunción da Virxe María, o Cristo xacente, obra do escultor local Cándido Sobrino e o Cristo crucificado no retablo do altar das ánimas que segundo a tradición popular é unha imaxe recuperada do mar onde fora arroxada polos católicos ingleses na época de Henrique VIII.

La iglesia parroquial originalmente románica, se amplió en el s. XVI, siendo obispo de Tui Diego Toquemada. En el interior destacan el retablo de la capilla mayor de estilo borrominesco (s. XVIII) dedicado a la Asunción de la Virgen María, el Cristo Yacente, obra del escultor local Cándido Sobrino y el Cristo crucificado en el retablo del altar de las ánimas que según la tradición popular es una imagen recuperada del mar, donde había sido arrojada por los católicos ingleses en la época de Henrique VIII.